

TRATAMENTO DA LITERATURA NOS PROGRAMAS RENOVADOS E NOS D.C.B. DA REFORMA EDUCATIVA (Estudio comparativo)

Rosa Quintas Losada

1.- APRENDIZAXE LITERARIA E NON METALITERARIA

A nota que mellor define os aspectos innovadores presentes no tratamento que se lle dá á literatura nos DESEÑOS CURRICULARES BASICOS é, sen dúbida, o predominio conferido á praxe literaria sobre o tratamento dos aspectos ou dimensións metaliterarias. Trátase de induci-la manipulación expresionista da linguaxe: O seu emprego extrapragmático, estético, así coma a creación, recreación e, en todo caso, disfrute dos textos literarios, dando de lado á simple aprendizaxe, aínda vixente, dos aspectos máis ben concernentes á Teoría e Historia da Literatura ou á mesma crítica literaria aprendida.

Polo que respecta ó nivel da Educación Primaria, ó que nós nos circunscribimos, o predominio da iniciación na praxe literaria sobre os tratamentos metaliterarios é absoluto. estes últimos aspectos nen sequera comparecen en calidade de tales nas programacións, ó tempo que aqueles adquiren un nivel de extensión e intensidade que contrasta fundamentalmente co ata agora vixente, como logo se verá.

“El aprendizaje de la literatura no puede convertirse en mera recepción de listas de obras, de fechas, biografías o caracterizaciones de épocas no extraídas de las obras, sino que debe facilitar una experiencia vital, placentera y liberadora de usos lingüísticos estandarizados”

E de destacar ademáis que este tratamento da literatura, que poderíamos chamar funcional máis que teórico ou reflexivo, concorda co recibido tamén pola lingua, enormemente máis centrado sobre a operatividade dos seus diversos empregos, dende os utilitarios ós estéticos ou recreativos, que sobre a análise máis ben teórica da súa estrutura ou morfoloxía.

En definitiva, atopámonos ás portas dun novo paradigma ou, mellor aínda, nunha auténtica situación interparadigmática: saímos progresivamente dunha concepción epistemolóxica da literatura como “*racionalidade técnica*”, herdada do positivismo e que veu

prevalecendo ó longo de todo este século, para relegarnos a un modelo epistemolóxico de “*racionalidade práctica*” que descansa tanto sobre o coñecemento na acción coma na reflexión na acción. Neste sentido, a literatura deixa de ser considerada como unha actividade instrumental, dirixida á solución de problemas textuais ou estéticos mediante a rigurosa aplicación de teorías e técnicas científicas (metacoñecemento literario, comentario de textos, crítica literaria, etc.) e pasa a se converter nunha actividade reflexiva, apoiada no “metacoñecemento na acción”, na que subxace unha concepción constructivista da realidade lingüística e literaria na práctica.

2.- A SIMBIOSE DIDACTICA: LINGUA - LITERATURA

Centrados, pois, no nivel primario, tanto os tratamentos metalingüísticos coma os metaliterarios, e centrados os contidos na dimensión funcional tanto da lingua coma da literatura, estas recibirán un tratamento didáctico homoxéneo ou, máis precisamente, unitario. Non é só que configuren unha mesma área; é que son contidos e metodoloxías practicamente indiferenciables e non susceptibles, xa que logo, dun tratamento que non sexa plenamente integrador. Os dous son parte indivisa no tratamento global do proceso da comunicación.

O ensino da lingua ha de ter en conta unha serie de saberes simultáneos: un saber idiomático, un saber elocucional e un saber expresivo. A construción do sentido é propio do saber expresivo e este é o obxecto da obra literaria, polo que a literatura, os textos, é o lugar adecuado para a integración dos saberes antes mencionados.

A integración da lingua e literatura nunha mesma didáctica é posible se se conciben as clases como un taller no que converxan textos literarios e non literarios, que son tratados con distintos procedementos, como é o enfrontamento coa literatura, como fenómeno comunicativo especial con obxectivos propios: aptitude creativa que ten como finalidade manipular a linguaxe para ver que posibilidades ten fronte a outras linguaxes.

No campo da lectura o profesor é un guía que axuda ós alumnos a penetrar e gozar dos textos que pode escoller entre un gran abano de posibilidades seleccionadas tendo en conta a súa idade, intereses e experiencias.

Unha vez seleccionados os textos débense planificar unhas actividades sobre os mesmos. Na Educación Primaria estes métodos de aproximación ós textos, entre os que está o comentario, nunca deben ir máis alá dunha posta en común oral sobre as experiencias extraídas da lectura. É importante que nesta idade se familiaricen coas obras literarias máis sobresaíntes do seu país. No caso da poesía nesta etapa, cando o mestre lea poesías, ha de facelo de forma modélica, e a través dela, olvidando normas e regras o alumno aprenderá a xogar coa linguaxe, para conseguir dela o maior número de posibilidades novas, coñecendo pouco a pouco a función poética da lingua, a creatividade, etc.

Na introdución ós D.C.B. pónse de relevo como a actividade literaria, tanto na vertente da lectura e disfrute dos textos, coma na propiamente creativa, favorece enormemente a consolidación no neno dos hábitos e estruturas lingüísticas. Así se destaca explicitamente:

- Amplía os esquemas verbais dos alumnos, tanto na dimensión léxica como na constructiva.
- Ofrece modelos para a propia escritura.

- Fomenta o hábito da lectura.
- Promove actividades críticas.
- Desenvolve o sentido estético.
- Estimula a fantasía e a creatividade, que son as que levan a un uso persoal da linguaxe.
- Os textos literarios (os da literatura infantil, os da tradición literaria oral, ou calquera outro, adecuado ó nivel) ofrecen ó neno a posibilidade de amplía-la súa visión do mundo. Esta visión, tan curta e limitativa, na época infantil, case non ten outra posibilidade de ser ampliada que non sexa a que a lectura brinda. Cando isto se consegue, a linguaxe enriquece enormemente o seu marco de referencia semántica.
- A praxe literaria así entendida fai que o neno consiga o dominio funcional das catro destrezas básicas: ESCOITAR (os primeiros relatos entran pola vía auditiva), FALAR (describir e narrar), LER (non só na súa materialidade, senón entrando noutros mundos) e ESCRIBIR (con precisión e aínda co nivel de estética que poida corresponder á idade).

3.- INTENSIFICACION E REACOMODACION DOS NIVEIS DE PRESENCIA DA LITERATURA DENTRO DOS CONTIDOS DA AREA

Como consecuencia do tratamento integrador que se fai dos contidos da lingua e da literatura (enfocados os dous na súa neta dimensión funcional e non na propiamente epistémica) prodúcese non só unha reacomodación da aprendizaxe da literatura, senón unha intensificación da súa comparecencia no nivel primario. Istoponse de relevo tras dunha somera análise comparativa do que son os contidos directamente literarios nos programas renovados, ata agora vixentes e o que prevé para un inmediato futuro o DESEÑO CURRICULAR BASE.

A nosa análise vaise cinxir estrictamente ó que vai se-la Educación Primaria (6-12 anos) no novo deseño e o que é o Ciclo Inicial, Ciclo Medio e 6º nivel da E.X.B. na actualidade (6-12 anos).

A.- COMUNICACION ORAL

Programas vixentes:

Como contidos incluíbles dentro do apartado da literatura aparece:

No Ciclo Inicial:

- Utilización activa do vocabulario básico deste ciclo.
- Comprender exposicións orais.
- Narrar, describir e explicar oralmente as súas ideas e observacións sobre temas ó seu nivel, fomentando a súa capacidade de diálogo.
- Aprender a recitar algunhas poesías; dramatizacións...

No Ciclo Medio:

- Comprender unha exposición ou narración oral dunhas 200 palabras, con unidade temática e referente a feitos ou situacións concretas, adecuadas ó nivel do alumno.

- Resumir oralmente o escoitado, distinguindo os elementos esenciais e as súas relacións.

- Pronunciar correctamente e adecuar o ton, o xesto e a modulación ó contido da mensaxe, perfeccionando progresivamente os propios recursos expresivos.

- Practica-la recitación de memoria e formas sinxelas de dramatización.

- Ler en voz alta un texto dunhas 200 palabras, coa pronunciación, ritmo, pausas e entoación adecuadas a unha velocidade mínima de 100 palabras por minuto.

No Sexto Nivel:

- Distinción entre o modo de expresión dialogal e expositivo.

- Adecuación da entoación á intencionalidade expresiva.

DESEÑO CURRICULAR BASE

BLOQUE I: Usos e formas da comunicación oral.

* Utilización de producións orais como instrumento para recoller e organiza-la información, para planificar experiencias, para elaborar alternativas e anticipar solucións, para memorizar informacións, etc.

* Producción de textos referidos a distintas intencións e situacións comunicativas (expresar vivencias, sentimentos e ideas; transmitir informacións; describir situacións reais ou imaxinarias, argumentar, xogar coa lingua, etc.)

* Sensibilidade cara o aspecto lúdico e creativo da linguaxe oral.

BLOQUE II: O texto oral.

* O texto oral como transmisor de temas e vehículo de emocións nun contexto social e cultural concreto.

* Texto literario e non literario.

* Aspectos formais do texto oral.

* A linguaxe como instrumento “vivo” e cambiante de comunicación.

* Comprensión de textos orais.

* Resume das ideas máis importantes do texto, establecendo as principais relacións lóxicas entre elas e respetendo a secuencia narrativa.

* Análise, comentario e xuízo persoal de textos orais (argumento, aspectos elementais da forma, etc.)

* Asociación dos textos orais coa propia experiencia e co propio entorno social e cultural.

* Recitación e representación de textos orais literarios e non literarios.

* Reprodución de textos orais (poemas, contos, programas de radio, discursos de tipo diverso, etc.) a partir da análise efectuada sobre textos modelo (formas de organización e elaboración estática específicas, vocabulario específico, etc.) experimentando as posibilidades creativas que brinda a linguaxe oral.

* Valoración da linguaxe como instrumento “vivo” e cambiante de comunicación, e respecto polas formas en desuso (arcaísmos e outras formas de expresión pouco habituais).

* Valoración e interese polos *textos literarios de tradición oral*.

* Interese e gusto pola utilización dos diferentes recursos expresivos que brinda a linguaxe oral máis alá das componentes estritamente convencionais.

* Valoración dos elementos culturais tradicionais que son propios da comunidade na que vive o alumno e que se reflexan nos textos literarios de tradición oral.

Pode apreciarse como o contraste, tanto na orde cuantitativa como na cualitativa, é certamente considerable. O cambio opérase, sobre todo, na liña de incrementa-las *posibilidade creativas* presentes xa na linguaxe oral comunicando non só ideas senón tamén vivencias, sentimentos e mesmo “*situacións reais ou imaxinarias*”. A elaboración de textos desta índole é o xermolo da creación literaria propiamente dita, non presente de xeito ningún nos actuais programas vixentes.

B.- COMUNICACION ECRITA

Programas vixentes

Neste apartado o D.C.B. fai moito máis intensa e decidida a introdución do neno na praxe literaria, tanto na dimensión lectora (saboreadora e valorativa) como na dimensión propiamente productiva: “expresar sentimentos, narrar, describir, informar, convencer, imaxinar, xogar coas palabras, etc...”

No Ciclo Inicial

* Facer composicións sinxelas sobre temas suxeridos ou de libre elección.

No Ciclo Medio

* Dedicar tempo libre á lectura de obras recreativas desenvolvendo o seu gusto estético persoal. Facer unha breve reseña dalgunhas obras lidas.

* Coñecer textos literarios e comentar algúns aspectos.

* Realizar composicións escritas de distintos tipos utilizando con propiedade o vocabulario do ciclo e as técnicas elementais de redacción, en cada caso.

No sexto nivel

* Lecturas comentadas de textos literarios e non literarios que deben propoñerse:

- a) abordar temas de interese xeral ou de actualidade;
- b) estar relacionadas coas respectivas materias;
- c) constituir modelos de lingua.

- * Explicación do significado dun texto literario ou non literario.

BLOQUE III: Lectura e escritura.

- * Valoración dos textos escritos como fonte de pracer e diversión.
- * Valoración das producións escritas propias e alleas.
- * Coidado e respecto polos libros como patrimonio de todos.

BLOQUE IV: O texto escrito

* O texto escrito como fonte de diversión e entretenemento, como fonte de enriquecemento e perfeccionamento da propia lingua, como fonte de información, como expresión de valores sociais e culturais, etc.

- * Textos literarios e non literarios.

* O texto escrito e outros elementos non lingüísticos do texto escrito (ilustracións, fotografías...).

- * A biblioteca: organización, funcionamento e uso.

- * Variantes da linguaxe escrita.

- * A linguaxe escrita en permanente cambio.

- * Comprensión de textos escritos.

* Resume das ideas fundamentais de textos escritos, establecendo as relacións entre elas e respetando a secuencia narrativa.

* Análise dos aspectos propios de diferentes textos escritos: argumento, elementos narrativos básicos (personaxes, acción, escenario), aspectos formais básicos (formas de organización e elaboración estética, vocabulario, ortografía, etc.), outros aspectos do texto (edición, portada, ilustracións, etc.)

- * Comentario e xuízo persoal dos textos lidos.

* Producción de textos escritos (resumes, guións, esquemas, fichas de recollida de información, cuestionarios, etc...) para recoller e organiza-la información, para planificar experiencias, para elaborar alternativas e anticipar solucións, para memorizar solucións, etc.

* Producción de textos escritos con distintas intencións e en diferentes situacións de comunicación (expresar sentimentos, narrar, describir, informar, convencer, imaxinar, xogar coas palabras, etc.)

* Producción de textos escritos a partir da análise de producións alleas modélicas (en canto ás formas de organización e elaboración estética, ó vocabulario, á ortografía, etc.) utilizando técnicas de imitación e reprodución, e explorando as posibilidades creativas da linguaxe escrita.

* Valoración do texto escrito como medio de diversión e entretenemento e como medio de información e transmisión cultural.

* Valoración do texto literario escrito.

* Actitude crítica ante as mensaxes transmitidas polos textos escritos, mostrando unha especial sensibilidade cara os que denotan unha discriminación social, sexual, racial, etc...

* Aprecio pola calidade das mensaxes escritas propias e alleas (a súa coherencia, corrección e propiedade expresiva) como medio para asegurare unha comunicación fluída e clara.

* Interese pola utilización dos recursos que brinda a linguaxe escrita e por explora-las súas posibilidades expresivas máis alá do estrictamente convencional e cotián.

* Interese por participar nos comentarios colectivos das lecturas e por compartila experiencia lectora.

Os obxectivos a conseguir nos actuais programas non pasan do que poderíamos chamar “*coñecemento da lingua*”, aínda se ben tímidamente, nas súas producións literarias. Pola contra nos novos deseños o obxectivo sería máis ben “*manipula-la lingua*” : creala, recreala, xogar con ela, facer que renda en posibilidades expresivas, estéticas e recreativas, xeradoras de pracer. Este manipulamento da lingua é tamén o mellor modo de coñecela.

Analizando os programas de estudos do noso país, sobre todo no plano elemental e medio, vemos que a literatura está subordinada á gramática. Esta infravaloración da literatura como disciplina académica débese quizais á utilización na súa ensinanza de métodos equivocados, ó descoñecemento do alumno e á elección de obras e autores inadecuados para ler e comentar que traia consigo o rexeitamento destes textos polo alumno por resultarlles incomprensibles e fóra do campo dos seus gustos, intereses e capacidades.

4.- O TRATAMENTO AXIOLÓXICO DA LITERATURA NA NOVA DIDACTICA

Nos deseños curriculares básicos que inspiran a reforma en marcha hai un tratamento axiolóxico da literatura, en grande parte innovador. Neste tratamento axiolóxico non só vai explícita unha reestructuración didáctica de contidos e procedementos, senón que, explícita ou implícita, hai tamén unha nova consideración da literatura como produto cultural, por unha parte e, por outra, como resorte educador, de obrigada comparecencia e operatividade na área da linguaxe.

Este novo tratamento axiolóxico podemos expoñelo con referencia a cinco niveis de consideración, que van desde a valoración se se fai da literatura como produto cultural ata o nivel concreto da súa comparecencia nos programas da Educación Primaria.

1.- O NIVEL ONTICO:

A literatura e as súas implicacións antropolóxicas e culturais

Pártese da consciencia de que a literatura:

* É parte esencial da cultura dun pobo. A creación literaria é máis profunda e máis universal ca científica. Hai pobos sen desenvolvemento científico, pero non os hai sen forma ningunha de literatura. É un retrato verbal e, polo mesmo comunicativo da vida nas súas diversas vertentes, e expresa, xa que logo, as aspiracións e os logros dunha sociedade.

* Presenta ó home na integridade do que é: na súa arte, na súa ciencia, na súa técnica, na súa historia, nas súas creencias, etc.

* Por outra banda, a literatura presenta a lingua modélica de cada pobo, a través das súas etapas históricas, por iso non pode haber tratamento da lingua sen comparecencia da literatura.

* E información e máis vivencia, visión obxectiva e interpretación persoal. Nela quedan plasmados tanto as realidades fácticas como as utópicas procuras.

* O introducirmos nun mundo de realidades non directamente pragmáticas ou utilitarias, prepáranos para encontrarlle sentido á civilización do ocio.

3.- O nivel das esixencias aptitudinais e destrezas

A comparecencia da literatura no ámbito escolar vai esixir:

* Comprensión dos contidos conceptuais e vitais do texto.

* Reflexión sobre as ideas e apreciacións expostas.

* Reflexión sobre os niveis da lingua e as características da época e estilo do autor.

* Recreación manipuladora dos temas abordados ou evitados na obra.

* Reflexión sobre como están estes temas expresados.

* Estimula-la creación de textos persoais.

* Viaxar coa imaxinación a países ou zonas insospitadas dos mundos exterior e interior do lector, así como implicarse en situacións vitais nas que, doutro xeito, nunca se vería introducido o suxeito.

4.- O nivel dos procedementos metodolóxicos

A literatura hase ensinar:

* De modo significativo, é dicir conectándoa coas necesidades e inquedanzas dos procesos vitais, afectivos e existenciais dos alumnos.

* Tendo en conta que a motivación para a súa aprendizaxe non pode consistir en partir da súa utilidade inmediata, pois esta prodúcese a longo prazo, pero si en cambio, da rápida produción de gratificacións persoais e sociais.

* Evitando centrarse na memorización de nomes, obras ou datos, a aprendizaxe debe consistir na inducción á praxe literaria tanto na vertente asimiladora (recepción crítica) como na propiamente productora.

* Tendo sempre presente que a obra literaria escríbese máis para que se disfrute que para que se estudie, e que o labor fundamental do docente é fomentar esa capacidade, xa que a literatura é un produto idiomático, e por outro, atendendo ó contido, o que esixe, por certo, auxilio doutras disciplinas (interdisciplinabilidade).

5.- O nivel concreto dos obxectivos didácticos na Educación Primaria.

A literatura está presente no ámbito escolar para:

* Suscita-lo pracer e o disfrute da lectura.

- * A adquisición dun vocabulario rico e unha dicción clara.
- * Captar e estimula-los valores estéticos dun texto: sonoridade, efectos conseguidos, beleza no uso das palabras, etc.
- * Distingui-la poesía da narrativa e do teatro.
- * Recoñecer algúns recursos expresivos: comparación e metáfora.
- * Identificar determinadas acepcións poéticas das palabras.
- * Suscita-lo interese sobre aspectos da vida do autor, sobre a súa época, etc... que orienten na interpretación dos textos e permitan valoralos como produto dunha cultura determinada (sen que isto supoña un tratamento sistemático da Historia da Literatura).
- * Impoñerse nos recursos expresivos e os usos innovadores que doten a lingua de sentido pleno, de expresividade e creatividade.
- * Crear textos propios e recrea-los que xa existen (modificando o principio ou o final, alterando a secuencia dos acontecementos, trocando por outro o contexto no que se desenvolve a acción, etc.)
- * En suma, manipula-la lingua na súa dimensión propiamente literaria, sen dúbida a que lle é máis propia.